

CiUG

LINGUA GALEGA

OPCIÓN 2

Puntuación máxima: cuestións 1-4 = 1.5 puntos cada unha; cuestión 5 = 4 puntos.

O día do meu santo, cedo. viñéronmc buscar a tía **Carminha e o** marido, o tío Camilo, que nunca falaba. Viñan para me levar a Santiago **e** eu embarquei con eles na primeira viaxe `de veras´ de que teño memoria.

Santiago impresionoume. **O** oco alto e sinxelo das naves da catedral, o granito maxestoso por toda parte, tanta pedra labrada, tanta rúa retorta..., as escaderías, as ruelas, os arcos escuros: imaxinábaos cheos de peregrinos con cabaza e cunchiñas. frades rapados. cabaleiros de espada ó cinto mentres o tío, raramente locuaz, me explicaba as historias dos lugares que visitabamos, rematadas cunha invariable lamentación:

Ai Xoanciño, se estas pedras contasen o que saben...

Así principiaba outro verán, o verán dos arcos e as frechas: dos namoros; e da louca. (...) Subía á fraga do río a cortar freixos novos para os arcos e percorría os soutos da heirarnar procurando variñas de castaño con que fabricar as frechas.

CUESTIONS:

1. Explica o significado que teñen no texto as seguintes palabras: *nave* (1. 4), *maxestoso* (1. 5), *locuaz* (1. 7), *freixo* (1. 12), *souto* (1. 12).
2. Define o concepto de campo léxico' (ou `campo semántico') e escribe cinco palabras pertencentes ó mesmo campo de *rúa* (1. 5) e outras tantas ó mesmo campo de *espada* (1. 7).
3. Analiza morfoloxicamente as seguintes palabras e indica o valor de cada un dos constituíntes segmentados: *embarquei* (1. 2), *caba/e iras* (1. 7), *invariable* (1. 8), *contasen* (1. 10), *beiramar* (1. 13).
4. Identifica as oracións subordinadas dos tres primeiros parágrafos do texto (ls. 1-10) e indica a qué tipo e subtipo pertencen.
5. 0 galego estándar (Extensión aproximada 25 uñas).